

CONTRA
A
POBREZA



Propostas para
a creación de emprego
comarca de Compostela

*Emprego e
salarios
dignos*



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.gal

Campaña polo emprego

Compostela

PROPOSTAS

TÉCIDO ECONÓMICO

A) Decidida aposta pola **calidade e a estabilidade no emprego**.

B) Sector Primario:

b.1.- **Agrogandeiro**: Establecemento de medidas que eviten que o sector agrogandeiro quede reducido a unha mera reserva forestal, apostando pola diversificación do sector agrogandeiro, e pola interrelación deste coa industria de procesado e/ou envasado dos diferentes produtos agrogandeiros.

b.2.- **Pesca e marisqueo**. Deseño dun Plano de Actuación no sector extractivo do mar (marisqueo e artes menores) que implique á modificación do sistema de comercialización actual e a política de prezos co obxectivo de mellorar as rendas dos produtores/as, incremento do apoio científico e técnico que, entre outras cuestións permita a posta en marcha dos estudos necesarios para a rexeneración de zonas hoxe improductivas, incremento dos depósitos de reserva ("*hatcherys*") de sementes que permitan facer fronte a grandes perdas ou catástrofes.

b.3.- **Minería**: Partindo da existencia de importantes minas, fundamentalmente, de seixo e de volframio cumpre superar a actual limitación ao proceso extractivo e xerar proxectos industriais que permitan o procesado destas produción fechando os seus ciclos productivos na nosa comarca, e consecuentemente xerar unha maior plusvalía.

C) Desenvolvemento do Tecido Productivo-Industrial, así, entre outras cuestións:

c.1.-Reserva exclusiva para **chan industrial** dentro dos polígonos empresarial.

c.2.- No desenvolvemento do tecido industrial debe ser clave á implicación e interacción entre os Concellos e a USC, sobre todo no desenvolvemento de novas tecnoloxías, que contribúan á xeración de novas industrias do ámbito tecnolóxico e do desenvolvemento, así como no establecemento de canles permanentes de apoio e colaboración entre a USC e as industrias xa establecidas de cara ao establecemento de proxectos de I+D+i que permitan, tanto unha maior diversificación da produción como unha mellora da calidade da súa produción.

c.3.- Partindo da infraestrutura xa existente na nosa Comarca, sobre todo, no entorno de Compostela potenciamento e implicación dende o público no desenvolvemento da industria audiovisual.

c.4. – Establecemento de formulas que permitan tal maneira que tamén este sector primario poida ser a base do desenvolvemento de determinadas actividades industriais derivadas deste, como vía de xerar un maior valor engadido na nosa produción primaria.

c.5.- Establecemento de fórmulas que faciliten os investimentos industriais na nosa Comarca, tales como p.e., establecer liñas de bonificación do chan á aquelas industriais que se establezan na nosa comarca condicionadas ao cumprimento duns esixentes parámetros de contratación estábel e de calidade e ao cumprimento dun parámetros medioambientais óptimos, a vez que se adopten establezan penalizacións nos supostos de incumprimento e/ou deslocalización de ditos proxectos industriais.

D) Sector Terciario:

d.1.- Sen minimizar a importancia do tecido económico dependente do turismo débense facer as correccións necesarias no noso tecido económico que eviten caer nun sempre perigoso “monocultivo” do turismo así como adoptar medidas que permitan a diversificación desta actividade económica así, entre outros factores, partindo da proxección internacional de Compostela, facer desta cidade un eixo máis da dinamización e desenvolvemento do noso País, beneficiándose a propia Compostela, mais tamén Galicia no seu conxunto, para elo, entre outras deberíase adoptar e potenciar acordos que permitisen ofertar rutas turísticas que aparte de Compostela inclúsen visitas a outras cidades e/ou concellos da contorna que como contrapartida trouxesen unha maior duración dos días de estancia tanto na diferentes vilas e cidades do País.

d.2.- Establecer, lonxe do camiño da privatización dos servizos municipais (cuestión que sabemos conduce á precarización dos postos de traballo), medidas que permitan desandar o camiño re-municipalizando ditos servizos.

d.3.- Apostar de xeito claro e comprometido por uns servizos sociais universais, públicos e gratuítos. Cunha xestión directa por parte da Administración Municipal. Debendo dimensionarse e diversificarse (entre outros no relativo á conciliación da vida laboral e familiar) estes servizos en función da demanda e dos parámetros poboacionais.

d.4.- Manifestar a nosa clara e decidida posición contraria ao establecemento de Grandes Areas Comerciais, xa que en termos absolutos lonxe de xerar emprego o que provocan é a súa destrucción, ademais de non constituír centros de xeración de riqueza senón que se constitúen en actividades económicas que foxen con boa parte da nosa riqueza.

E) Clara, decidida e necesaria implicación dende o público/municipal na procura tanto do establecemento de novas actividades económicas como ao seu mantemento, e mesmo contemplando a participación directa nestes proxectos dos propios Concellos.

VIVENDA

Establecemento de medidas que permitan a restauración e reforma das vivendas desocupadas/abandonadas (**estímanse a data de hoxe, só en Compostela, en máis de 7.000 segundo diferentes estudos e en Ribeira case 4.000**) de cara a situalas no mercado inmobiliario. Dúas vías:

- **Vivendas particulares:** establecemento de axudas/bonificacións para a súa reforma co compromiso de que ditas vivendas pasen a formar parte dun “parque público/municipal de vivendas de aluguer social”.

- **Vivendas en propiedade das entidades financeiras:** Unha vez transcorrido un prazo para que ditas entidades procedan a vendan ou aluguer das vivendas da súa propiedade, estableceranse normas que permitan que de non producirse dita venda/aluguer é en virtude do establecido legalmente e fundamentado na **“existencia de causa xustificada de utilidade pública ou interese social”** se proceda a expropiación forzosa co fin de incorporalas ao “parque público/municipal de vivendas de aluguer social”.

INFRAESTRUTURAS

A) As apostas polo desenvolvemento das infraestruturas debemos entendelas en función da Comarca/Pais que pretendemos construír, polo tanto non nos serve so falar daquelas que nos comunican coa Meseta, se non que debemos establecer aquelas que nos son precisas para a comunicación tanto con Europa como co noso contorno máis inmediato, temos así que destacar, entre outras:

a.1.- Que as comunicacións ferroviarias, incluídas as comunicacións con Europa e a Meseta, non se conciban como mero transporte de viaxeiros/as **senón, e tamén, que estean concibidas para o transporte de mercadorías.**

a.2.- Urxente finalización da Autovía a Santiago-Lugo, como unha infraestrutura, vital para axilizar ás comunicacións tanto dos concellos da Bisbarra de Arzuá como dos das Terras de Melide coas cidades de Compostela e Lugo.

a.3.- Establecemento de comunicación ferroviaria para mercadorías entre os Polígonos do Tambre/Costa Vella e o Aeroporto e a proxectada Estación Modal de Compostela .

a.4. Establecemento dunha comunicación ferroviaria (mercadorías - viaxeiros/as) entre Compostela e o Barbanza, tal e como xa se demandaba no **Informe para a Area Funcional Santiago** elaborado polo CES no ano 2006.

a.5.- Faise, tamén, preciso o pleno desenvolvemento das infraestruturas tanto enerxéticas como de telecomunicación, fundamentalmente, nos concellos e/ou zonas mais rurais dado o enorme déficit existente neste campo, infraestruturas estas que, hoxe, son imprescindíbeis para conseguir un mellor e maior desenvolvemento económico.

CAMPAÑA

1º.- Dividiríamos a Comarca en 3 grandes zona, basicamente:

- U.L. de As Rías.
- Compostela e Concellos da contorna.
- Bisbarras de Arzuá, Terras de Melide.

2º.- Das medidas recollidas no apartado de propostas **centrariámonos en cada zona en 1 ou 2**, ás que entendamos puidesen resultar mais chamativas, para que fosen o eixo da dinamización da campaña en cada zona.

3º.- Centrados nesas medidas fariamos **cando menos unha presentación pública en cada zona**, e así mesmo esas medidas serían o eixo das diferentes mobilizacións Comarcais (10 de marzo, 1º de maio,)

4º.- Debemos **valorar** se teriamos capacidade de facer **mobilizacións en cada zona demandando a execución desas medidas.**

5º.- Teriamos que **tentar facer participes aos concellos de ditas medidas e procurar que se comprometeran na súa demanda e aplicación,** xa fose por iniciativa propia ou por medio de mocións nos Plenos.

6º.- Tamén podemos **valorar a posibilidade de facer recollidas de sinaturas** nas tres zonas en apoio as nosas propostas.

7º.- Estudiar a posibilidade de **coincidindo co 1º de Maio encetar dúas marchas polo emprego na Comarca** (se temos posibilidades poderiamos facer mais marchas), unha na U.L. de As Rías que tería remate en Ribeira e a outra comezando en Melide, tendo como “bandeira” segundo cada caso as propostas para cada zona, e confluíndo o 1º de Maio a primeira na manifestacións de As Rías e a segunda na manifestación de Compostela. Valorase tamén que nas Rías a marcha podería ser substituída por outro tipo de actividade.

Compostela, a 24 de febreiro de 2015.

Anxo Noceda, Secretario Comarcal CIG-Compostela e As Rías.